

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 7 de xuño de 2021

No Salón de Plenos do Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o sete de xuño do ano dous mil vinte e un, ás nove horas e trinta e cinco minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos/as seguintes deputados e deputadas:

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º, que preside a sesión)

D. César Manuel Fernández Gil

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doporto Real

Secretario: D. Adamantino Barreiro García (vicesecretario xeral)

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asisten á sesión o presidente, D. José Manuel Baltar Blanco, e o deputado provincial e vicepresidente 3º, D. Plácido Álvarez Dobaño.

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE MAIO DE 2021.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de maio de 2021.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 31 de maio de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA AS COPAS DEPUTACIÓN 2021.- De conformidade coa proposta

favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Estimar a alegación presentada por dona Lucía Piñeiro González, en representación do Club Turbo Box, no concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2021, co seguinte contido:

“Durante o prazo de alegacións establecido no correspondente trámite de audiencia, presentou un escrito dona Lucía Piñeiro González, en representación do Club Turbo Box, no que solicita a revisión da súa documentación con número de rexistro 2021004545.

Unha vez revisada a dita documentación, advertiuse un erro consistente na omisión de valoración da solicitude de subvención do Club Turbo Box, ó abeiro do concurso de referencia, para desenvolver a Copa Deputación de Boxeo.

En consecuencia, o obxecto da reunión foi proceder ó estudo da solicitude arriba indicada e propoñer a correspondente concesión de subvención, tendo en conta que cumpre todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria”.

2º) Conceder, no concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2021, conforme á valoración efectuada e unha vez resolta a alegación presentada, as subvencións polos importes que se indican, ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	NIF/DNI	COPA DEPUTACIÓN	EUROS
Federación Gallega de Atletismo	G15103500	Atletismo	4.560,00 €
Club Deportivo Athlos de Ourense	G32028292	Badminton	3.000,00 €
Delegación Orensana de Baloncesto	V15115306	Baloncesto	7.553,00 €
Federación Galega de Balonmán	G36690832	Balonmán	2.535,00 €
Club Turbo Box	G32497141	Boxeo	2.355,00 €
Federación Galega de Caza	V15117849	Caza	2.085,00 €
C.D. ADO Moure Pro Deporte	G32497356	Ciclismo- Carretera	2.910,00 €
Clube Ciclista Maceda	G32028813	Ciclocross-BTT-Mini BTT	3.000,00 €
Federación Galega de Montañismo	G32341943	Escalada	1.845,00 €

Club Esquí Náutico Dummies	G32278129	Esquí Náutico	1.215,00 €
Real Montealegre Club de Golf, S.A.	A32144461	Golf	1.935,00 €
Club Halterofilia Pabellón	G32313991	Halterofilia	1.125,00 €
Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	G32461220	Hípica (Carreiras de velocidade)	1.275,00 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Hípica (Doma clásica)	2.100,00 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Hípica Trail mano montado	1.275,00 €
Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	G32461220	(Hípica) Trote Enganchado	870,00 €
Federación Galega Hockey	G32172058	Hockey	2.310,00 €
Federación Galega de Judo-Delegación Ourense	G15109267	Judo	2.940,00 €
Club Deportivo Fundación Cipri Gomes	G32473316	Kickboxing	2.310,00 €
Escuelas Deportivas ARTAI	G32352593	Kung Fu	2.145,00 €
Federación Galega de Loita e D.A.	G36651081	Loitas Olímpicas	1.560,00 €
Club Natación Pabellón Ourense	G32310336	Natación- Aguas abertas	2.130,00 €
Club Natación Sincronizada Ourense	G32341893	Natación Sincronizada	1.755,00 €
Club Peña Trevinca Barco	G32022626	Orientación a pie	1.000,00 €
Club Deportivo Padelprix	G32451650	Pádel	1.500,00 €
Club Deportivo Ourela	G32441065	Patinaxe artística	900,00 €
Federación Galega de Piragüismo	G36040764	Piragüismo	2.595,00 €
Asociación Galega de Campos de Pitch and Putt	G32410722	Pitch and Putt	2.145,00 €
Centro Deportivo Couto, A.D.	G32269573	Taekwondo	3.000,00 €

Club Santo Domingo	G32004244	Tenis- Touch Tennis	1.770,00 €
Centro de Tiro Olímpico Eiroás	G32019077	Tiro Olímpico	1.290,00 €
Club Náutico Castrelo de Miño	G32158461	Vela	1.635,00 €
Club Ourense Volei Praia	G32364978	Volei Praia	1.575,00 €
Club Voleibol San Martiño	G32133969	Voleibol	2.145,00 €
Dep. Wushu Federación Gallega de Judo y D.A.	G15109267	Wushu	2.415,00 €
Federación Galega de Ximnasia	G32023210	Ximnasia	4.350,00 €

3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021, RELATIVA ÁS OBRAS CORRESPONDENTES Á REDE VIARIA PROVINCIAL EN DISTINTOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Incorporar ó plan principal, a obra denominada "Remodelación OU-0152 para camiño escolar CEIP Padre Feijóo", co n.º 112/POS/2021, no concello de Allariz, cun orzamento de 164.002,21 €.

2.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Rehabilitación superficial do firme con microaglomerado bicapa na OU-0108", co n.º 113/POS/2021, no concello de Baños de Molgas, cun orzamento de 59.500,00 €.

3.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Instalación de sistemas de contención na OU-0415", co n.º 114/POS/2021, no concello de Boborás, cun orzamento de 88.160,00 €.

4.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Tratamento superficial con microaglomerado e bacheo na OU-0860", co n.º 115/POS/2021, no concello de O Bolo, cun orzamento de 48.990,00 €.

5.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Instalación de sistemas de contención de vehículos na OU-0607", co n.º 116/POS/2021, nos concellos de Castro Caldelas e A Teixeira, cun orzamento de 48.000,00 €.

6.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Instalación de sistemas de contención de vehículos na OU-0751", co n.º 117/POS/2021, no concello de Manzaneda, cun orzamento de 80.000,00 €.

7.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Reforzo de firme con mestura asfáltica na OU-0551", co n.º 118/POS/2021, no concello de Ourense, cun orzamento de 91.350,00 €.

8.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Rehabilitación superficial do firme con regularización e microaglomerado bicapa na OU-0508", co n.º 119/POS/2021, nos concellos de O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, cun orzamento de 85.000,00 €.

9.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Reforzo de firme con mestura asfáltica na OU-0752", co n.º 120/POS/2021, no concello de A Pobra de Trives, cun orzamento de 63.000,00 €.

10.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Mellora da intersección na OU-0211 OU-0210", co n.º 121/POS/2021, no concello de Quintela de Leirado, cun orzamento de 141.886,00 €.

11.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Reforzo de firme con mestura asfáltica e regularización previa na OU-0514, viario principal do polígono", co n.º 122/POS/2021, no concello de San Cibrao das Viñas, cun orzamento de 441.000,00 €.

12.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Reforzo de firme con mestura asfáltica na OU-1103", co n.º 123/POS/2021, nos concellos de Vilar de Barrio e Baños de Molgas, cun orzamento de 60.000,00 €.

13.- Incorporar ó plan principal, dende o plan complementario, a obra denominada "Tratamento superficial con microaglomerado na OU-1112", co n.º 124/POS/2021, no concello de Xinzo de Limia, cun orzamento de 72.800,00 €.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AUTISMO OURENSE PARA O PROGRAMA DE ATENCIÓN INFANTIL CORRESPONDENTE Ó ANO 2020.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade,

adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Autismo Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 €.

-Obxecto: Programa de atención infantil correspondente ao ano 2020.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (43.883,94 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS

CAMIÑO MOZÁRABE-VÍA PLATA OURENSE, PARA ACTIVIDADES DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2021.

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Cultural Amigos Camiño Mozárabe-Vía Plata Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 €.

-Obxecto: Actividades da entidade, correspondentes ao ano 2021.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (50.000,00). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL OS XUNCOS PARA A ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Cultural Os Xuncos, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: Adquisición de instrumentos musicais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (11.550,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE CONSTRUCCIÓN Y OBRAS PÚBLICAS PARA GASTOS DE FUNCIONAMIENTO E MANTEMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2020.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Provincial de Empresarios de Construcción y Obras Públicas, nos seguintes termos:

-Importe: 60.000,00 €.

-Obxecto: Gastos funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2020.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (60.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

8- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE VALDEORRAS (AEVA) PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E PROXECTOS DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2021.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Empresarial de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento e proxectos da entidade, correspondentes ao ano 2021.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (25.000 euros para os gastos de funcionamento e 25.000 euros para os proxectos). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO PROVINCIA INTELIXENTE, CORRESPONDENTES Ó ANO 2021.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Fundación Galicia Obra Social, nos seguintes termos:

-Importe: 125.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento do centro Provincia Intelixente, correspondentes ao ano 2021.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (125.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a

subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10.- APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE CONVENIO E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA ADQUISICIÓN DUN TRACTOR NOVO E DÚAS ROZADORAS, UNHA TRITURADORA E OUTRA DE BRAZO.-

Na modificación n.º 3/2021 de modificación das bases de execución do orzamento de 2021, e con cargo á aplicación 414.11/762.00, figura a cantidade de 450.000,00 euros, para a compra de maquinaria.

En decembro de 2020, asináronse convenios administrativos entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos da Teixeira (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Avión (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Boborás (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Esgos (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Lobeira (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Oímbra (data de sinatura do convenio 4.12.2020), San Xoán de Río (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Trasmiras (data de sinatura do convenio 4.12.2020), Viana do Bolo (data de sinatura do convenio 4.12.2020), respectivamente, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas, e as redes secundarias de faixas de biomasa, a través da adquisición, por

parte de cada un dos concellos dun tractor novo e dúas rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

Para levar a cabo o obxecto dos ditos convenios, na súa cláusula quinta figura que a administración provincial financiará, no ano 2021, cun importe de 50.000 euros a cada un dos concellos beneficiarios.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do Concello de Avión, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Ratificar o convenio de colaboración asinado na data 4.12.2020 entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Avión, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza de maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte do concello dun tractor novo e dúas rozadoras, unha trituradora e outra de brazo, aceptando integramente o seu clausulado.

2.- Conceder unha subvención nominativa co obxecto, contía e condicións seguintes:

-Obxecto: Adquisición dun tractor novo e dúas rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

-Importe: 50.000,00 euros.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da documentación xustificativa, de acordo co estipulado na cláusula sexta do convenio de colaboración, asinado na data 4.12.2020, entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Avión.

De acordo co establecido na cláusula sétima do convenio antes referenciado, non se concederán pagamentos a conta, de maneira que unicamente se practicará a liquidación da subvención mediante o pagamento final.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 1 de xullo de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

11.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS 11/POS/2021, 12/POS/2021 E 13/POS/2021, NO TERMO MUNICIPAL DE BEARIZ.- O

Pleno da Deputación Provincial, na sesión que tivo lugar o 29 de xaneiro de 2021, aprobou definitivamente o plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2021, que incluía, para o Concello de Beariz, as seguintes obras:

N.º Obra	Denominación	Orzamento	Achega Deputación	Achega Concello
11/POS/2021	Acondicionamento de camiños en Lebozán e Muradás	33.000,00	30.690,00	2.310,00
12/POS/2021	Acondicionamento praza pública en Ricovanca	5.000,00	3.360,00	1.640,00
13/POS/2021	Aforro enerxético en Alvite e Ricovanca	15.000,00	13.950,00	1.050,00

O Concello de Beariz presenta un escrito con data 28 de maio de 2021, no que solicita a modificación dos investimentos incluídos no plan para a súa execución no respectivo termo municipal.

Posteriormente, a xefa da Sección de Contratación emite un informe favorable, considerando o disposto na base 4ª das reguladoras do dito instrumento (*relativa ás modificacións en obras municipais a tramitar con posterioridade á aprobación definitiva*).

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Anular a obra 12/POS/2021 denominada “Acondicionamento praza pública en Ricovanca”, prevista no Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2021, cun orzamento total de execución de 5.000,00 €.

